



## **REGULAMENTO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA POLO QUE SE ESTABLECEN O PROCEDIMENTO E AS CONDICIÓN S PARA O FORMALIZACIÓN DE CONVENIOS DE DOBRE TITULACIÓN CON UNIVERSIDADES ESTRANXEIRAS**

Aprobado polo Consello Goberno da UDC na súa sesión do 30 de xaneiro do 2014

### **Preámbulo**

A Universidade da Coruña é consciente do valor engadido que supón para os seus estudantes a cooperación interuniversitaria mediante programas de mobilidade. A expansión da que fomos testemuñas nos últimos anos é proba do crecente interese que os estudantes depositan nestes programas. A cooperación interuniversitaria tamén pode representar unha oportunidade para maximizar as sinerxías e optimizar os recursos das universidades participantes nun contexto de crecente competencia.

Nalgúns casos, a cooperación interuniversitaria na docencia é tan intensa que xustifica o establecemento de dobres titulacións.

Para os estudantes participantes, as dobres titulacións internacionais representan o recoñecemento pleno da súa experiencia interuniversitaria, constituindo un activo importante nun mercado de traballo crecentemente globalizado.

Ata a data, a UDC dispoñía dun Regulamento de mobilidade internacional de estudantes, aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión do 20 de decembro de 2012, mais carecía dunha normativa específica que regulase as condicións e o procedemento a seguir para o establecemento dos convenios de dobre titulación internacional.

O presente regulamento pretende cubrir este baleiro, aclarando o rexime xurídico aplicable na nosa universidade dentro do actual marco lexislativo e procedemental dos novos estudos de grao, mestrado universitario e doutoramento, cuxa regulación está contida no Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, modificado por Real decreto 861/2010 do 2 de xullo, así como no Real decreto 99/2011, do 29 de xaneiro.

### **Artigo 1. Definición**

Enténdese por Convenio de dobre titulación internacional o acordo formalizado entre a Universidade da Coruña e unha ou máis universidades ou institucións de ensino superior, unha das cales debe ser necesariamente estranxeira, mediante o cal os estudantes das respectivas universidades que cumpran as condicións establecidas no presente regulamento e as específicas que no propio Convenio se establezan, poden obter o correspondente título académico por cada unha das institucións en que cursaran os seus estudos.



## **Artigo 2. Ámbito dos estudos**

**2.1** O presente regulamento será de aplicación aos estudos conducentes no Estado español aos títulos universitarios oficiais de grao, mestrado e doutor.

**2.2** O presente regulamento aplicarase de xeito subsidiario a outras titulacións distintas das incluídas no apartado anterior.

**2.3** No caso dos estudos impartidos por universidades ou institucións de ensino superior estranxeiras, estas deberán acreditar que os devanditos estudos gozan, no país correspondente, do mesmo nivel e recoñecemento que os estudos da Universidade da Coruña.

## **Artigo 3. Requisitos xerais que deben cumprir os convenios de dobre titulación**

### **3.1 Das institucións participantes**

Con carácter xeral, as institucións participantes deberán acreditar que levaron a cabo intercambio académico de estudantes en ambos os dous sentidos, polo menos, durante dous cursos académicos, ou que participaron conxuntamente en proxectos europeos competitivos. Excepcionalmente, caso de ser de interese estratéxico e aínda que non exista unha relación previa de intercambio, poderase establecer un Convenio de dobre titulación internacional, previo informe favorable do/a vicerreitor/a con competencia en materia de relacións internacionais.

### **3.2 Dos convenios de dobre titulación internacional**

3.2.1. Os convenios de dobre titulación internacional para estudos de grao, mestrado ou doutoramento incorporarán nos seus anexos os aspectos relativos a:

- Requisitos académicos que haberán de cumprir os estudantes de cada universidade en relación coa titulación da súa universidade de orixe, así como os que deben satisfacer na institución de destino para adquirir o dereito á obtención das titulacións implicadas.
- Sistema de cualificación que se aplica e a súa equivalencia co sistema español.
- Descrición do sistema de créditos e a súa equivalencia entre os sistemas de educación superior das institucións participantes.
- Comisión de seguimento do cumprimento dos termos do Convenio de dobre titulación internacional.
- Informe da Comisión Académica do Título correspondente na UDC.

3.2.2 Os convenios de dobre titulación internacional, sempre que sexa posible, deberán axustarse, en canto ao seu contido e características, ao modelo normalizado que se achega como documento anexo do presente regulamento.



Cando sexa necesario adoptar un modelo de convenio distinto ao anteriormente indicado, a proposta de convenio será previamente supervisada pola Secretaría Xeral da Universidade da Coruña e deberá incluír, polo menos, todos os aspectos establecidos no anexo do presente regulamento.

3.2.3 As institucións participantes facilitarán a través dos seus servizos a información e o asesoramento necesarios para a integración dos estudantes na vida universitaria, así como no contexto cultural, social e económico da localidade de acollida.

3.2.6 Os convenios de dobre titulación internacional formularanse sobre a base dunha mutua reciprocidade entre as partes, polo que deberá existir un equilibrio no número de alumnos recibidos e enviados por cada institución.

3.2.7 Os convenios de dobre titulación internacional serán subscritos por duplicado na lingua propia da UDC, sen prexuízo de que se poidan subscribir en inglés. A petición da/s outra/s parte/s do convenio, estes tamén poderanse subscribir na lingua propia das institucións socias.

### **3.3 Axudas de mobilidade para estudantes da Universidade da Coruña**

Os alumnos da Universidade da Coruña que participen en convenios de dobre titulación internacional poderán optar aos programas xerais de financiamento da mobilidade xestionados por esta.

## **Artigo 4. Procedemento de elaboración, aprobación, sinatura e rexistro dos convenios**

**4.1 Proposta de Convenio de dobre titulación internacional.** Para levar a cabo a elaboración da proposta de Convenio de dobre titulación internacional constituirase en cada caso unha comisión de traballo da que formarán parte necesariamente:

- O coordinador académico da titulación ou membro da Comisión Académica de Título en quen este delegue
- O responsable de Relacións Internacionais do centro.
- Un representante designado polo vicerreitor/a competente en materia de Relacións Internacionais.

Antes da súa remisión á secretaría xeral para a súa sinatura, a devandita proposta deberá ser aprobada pola Comisión Académica do título correspondente ou, no seu defecto, pola Comisión Académica do centro.

**4.2** Con carácter previo á sinatura do convenio polo reitor, a secretaría xeral solicitará informe á Oficina de Relacións Internacionais e á Comisión de Plans de Estudos da Universidade da Coruña.

**4.3** Tras a sinatura de todas as partes participantes no convenio, remitirase a secretaría xeral da Universidade, para o seu rexistro e custodia, o documento orixinal do convenio e dúas copias deste, incorporándoo á base de datos de convenios.



Unha vez rexistrado o convenio, a Secretaría Xeral remitirá copia electrónica deste ao centro ou centros responsables do título correspondente, á Oficina de Relaciones Internacionais e ao Servizo de Organización Académica.

## **Artigo 5. Condicións xerais que deben cumprir o estudiantado acollido a un convenio de dobre titulación internacional**

**5.1** En caso de estar limitadas a certo número de estudantes da titulación implicada, as prazas para participar en estadias académicas baixo un Convenio de dobre titulación internacional faranse públicas mediante unha convocatoria efectuada polo centro ou centros responsables do título correspondente, conforme ao estipulado no Convenio de dobre titulación internacional.

**5.2** Os requisitos académicos específicos que deben cumprir os estudantes, segundo os estudos de que se trate, son os que se concretan nos artigos 6.2, 7.2 e 8.2 do presente regulamento.

**5.3** No momento de efectuar a mobilidade de acordo coas normas do Convenio de dobre titulación internacional, o estudante da UDC formalizará a matrícula como alumno ordinario da titulación que se atope cursando (na UDC), deixando constancia no seu expediente académico da súa condición de alumno suxeito ao Convenio de dobre titulación internacional correspondente.

**5.4** Os estudantes aceptados para cursar estudos no marco dun Convenio de dobre titulación internacional non poderán acollerse a ningún programa de mobilidade xestionado pola universidade de acollida durante a súa estadia nesta.

**5.5.** A mobilidade dos estudantes efectuada no marco dun Convenio de dobre titulación internacional será considerada, para todos os efectos, agás a aqueles que sexan incompatibles coas normas do convenio, como unha mobilidade ordinaria suxeita ás disposicións do Regulamento de mobilidade internacional de estudantes aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión do 20 de decembro de 2012.

**5.6** As universidades participantes nun Convenio de dobre titulación internacional establecerán os mecanismos para garantir que os estudantes seleccionados para ser admitidos nun Convenio de dobre titulación internacional posúen a competencia lingüística necesaria para seguir con normalidade os estudos na universidade de acollida. Para estes efectos, na proposta de admisión de estudantes, a universidade de orixe certificará a competencia lingüística dos estudantes, indicando o nivel e organismo que acredite isto, utilizando o marco común europeo de referencia.

## **Artigo 6. Convenios de dobre titulación para estudos de grao**

### **6.1 Admisión de alumnos**

O número máximo de alumnos que se admitirá en cada curso académico será o determinado especificamente en cada Convenio de dobre titulación internacional.



A universidade de procedencia seleccionará os estudantes que, cumprindo as condicións requiridas no correspondente convenio, proceda matricular e remitirá a dita proposta para a súa aceptación, acompañada da documentación requirida, á universidade de acollida.

Cando se trate de estudantes procedentes doutra universidade que vaian iniciar estudos na Universidade da Coruña no marco dun Convenio de dobre titulación internacional, a Comisión Académica do Título onde o estudante pretende ser admitido, resolverá sobre a proposta de admisión, unha vez verificado o cumprimento dos requisitos de acceso, os establecidos nesta normativa, así como no convenio que resulte de aplicación.

## **6.2 Requisitos académicos mínimos**

6.2.1 Para obter un título oficial de Grao da Universidade da Coruña por aplicación dun Convenio de dobre titulación internacional, será requisito indispensable que o estudante curse e supere na dita titulación a totalidade dos créditos sinalados no correspondente convenio. En todo caso, os estudantes deberán cursar un mínimo de créditos na UDC, que será do 45% do total para os estudantes propios e de 60 créditos para os estudantes procedentes da universidade estranxeira.

6.2.2 O Convenio indicará a posibilidade de que o alumno da UDC realice o TFG na universidade de acollida.

## **Artigo 7. Convenios de dobre titulación para estudos de mestrado universitario**

### **7.1 Admisión de alumnos**

O número máximo de alumnos que se admitirá en cada curso académico virá determinado especificamente en cada Convenio de dobre titulación internacional.

A Universidade de procedencia seleccionará os estudantes que, cumprindo as condicións requiridas no correspondente convenio, proceda matricular e remitirá a dita proposta para a súa aceptación, acompañada da documentación requirida, á universidade de acollida.

Cando se trate de estudantes procedentes doutra universidade que vaian iniciar estudos na Universidade da Coruña no marco dun Convenio de dobre titulación internacional, a Comisión Académica do título onde o estudante pretende ser admitido, resolverá sobre a proposta de admisión, unha vez verificado o cumprimento dos requisitos de acceso, os establecidos nesta normativa, así como no convenio que resulte de aplicación.

### **7.2 Requisitos académicos mínimos**

7.2.1 Para obter un título oficial de Mestrado Universitario da Universidade da Coruña por aplicación dun Convenio de dobre titulación internacional, será requisito indispensable que o estudante curse e supere na devandita titulación a totalidade dos créditos sinalados no correspondente convenio. En todo caso, os estudantes deberán cursar un mínimo de créditos na UDC, que será do 45%



do total do Mestrado UDC, tanto para os estudantes propios coma para os procedentes da universidade estranxeira.

7.2.2 O Convenio indicará a posibilidade de que o alumno da UDC realice o TFM na universidade de acollida.

## **Artigo 8. Convenios de dobre titulación para estudos de doutoramento**

### **8.1 Admisión de alumnos**

A admisión de alumnos nun programa de doutoramento, ao amparo dun Convenio de dobre titulación internacional, axustarase ao procedemento previsto con carácter xeral.

A Universidade de procedencia seleccionará os estudantes que, cumprindo as condicións requiridas no correspondente convenio, proceda a matricular e remitirá a devandita proposta para a súa aceptación, acompañada da documentación requirida, á universidade de acollida.

A Comisión Académica do Programa de Doutoramento (CAPD) onde o estudante pretenda ser admitido resolverá sobre a proposta de admisión, unha vez verificado o cumprimento dos requisitos de acceso e dos establecidos nesta normativa e no convenio que resulte de aplicación. A CAPD poderá indicar ao alumno condicións académicas específicas, de acordo coa normativa que regule os estudos de doutoramento.

### **8.2 Requisitos académicos mínimos**

Para obter un título oficial de doutor pola Universidade da Coruña será requisito indispensable que o estudante acollido a un Convenio de dobre titulación internacional defenda con éxito a tese de doutoramento axustándose aos requisitos e ao procedemento que se atopen vixentes e ao previsto no Convenio. En todo caso, os estudantes deberán acreditar a realización dunha estadía de seis meses en cada unha das universidades participantes no Convenio.

O proceso de elaboración, avaliación previa e defensa da tese de doutoramento axustarase á normativa que se atope vixente na Universidade da Coruña no momento da súa realización.

## **Artigo 9. Recoñecemento de créditos**

### **9.1 Alumnos de grao e mestrado universitario**

Unha vez que se acredite oficialmente a superación das materias cursadas na titulación de orixe polos alumnos admitidos, a UDC procederá á incorporación destas no seu expediente, de conformidade co recoñecemento de créditos que estea previsto no Convenio de dobre titulación internacional.

O mesmo recoñecemento darase aos créditos cursados polos alumnos da UDC na(s) institución(s) estranxeira(s).



## **9.2 Alumnos de doutoramento acollidos a un Convenio de dobre titulación internacional**

Para os efectos do seu recoñecemento pola/s universidade/s estranxeira/s, o Convenio de dobre titulación internacional poderá establecer as normas que regularán a asignación de créditos ao estudante como consecuencia das distintas actividades desenvolvidas no marco do programa de estudos de doutoramento da UDC de que se trate.

En defecto de norma convencional, asignaranse ao estudante 30 créditos por cada semestre completo de actividades cursado con aproveitamento nun dos programas da UDC.

### **Artigo 10. Taxas**

Unha vez matriculado, ao alumnado aplicaráselle as taxas e prezos que lle correspondan, de conformidade co previsto no convenio. En todo caso, o alumnado aboará as taxas correspondentes á expedición de títulos e as taxas de secretaría.

### **Artigo 11. Expedición do título e do suplemento europeo ao título**

A expedición dos títulos obtidos ao amparo dun Convenio de dobre titulación internacional efectuarase axustándose ás previsións contidas na normativa vixente sobre expedición de títulos.

Os títulos que se expidan acompañaranse do correspondente suplemento europeo ao título, en que se poderá reflectir a condición de título obtido no marco dun Convenio de dobre titulación internacional.

### **Artigo 12. Sistema de cualificacións**

Aos alumnos que se atopen matriculados na Universidade da Coruña en virtude dun Convenio de dobre titulación internacional aplicaráselles o sistema de cualificación vixente nas universidades españolas.

As materias ou créditos recoñecidos serán cualificados aplicando ás notas obtidas na institución estranxeira a equivalencia en puntos, dispostas nas regras sobre equivalencia de cualificacións previstas no convenio.

Cando en aplicación da táboa de recoñecementos anexa ao Convenio de dobre titulación internacional, os recoñecementos de créditos se realicen entre varias materias en bloque, a cualificación que se incorporará ao expediente do estudante en cada unha das materias recoñecidas será a media ponderada de todas as materias superadas que dan orixe ao recoñecemento.



## **Disposición transitoria primeira**

Os convenios de dobre titulación internacional relativos a estudos de grao, mestrado ou doutoramento universitario que se atopan vixentes á entrada en vigor do presente regulamento non se verán afectados polo presente regulamento ata a súa seguinte renovación ou modificación. No momento en que se produzan unha ou outra, os convenios deberán axustarse a todas as súas disposicións.

## **Disposición final**

Esta normativa entrará en vigor a partir da data da súa aprobación polo Consello de Goberno.





## ANEXO: MODELO DE CONVENIO DE DOBRE TITULACIÓN INTERNACIONAL ENTRE A UNIVERSIDADE DA CORUÑA E.....<sup>1</sup>

### Reunidos

Dunha parte, a Universidade da Coruña, a partir de agora UDC, con sede na Coruña, Maestranza, 9, CP: 15001 e no seu nome e representación, D. Xosé Luís Armesto Barbeito, Reitor Magnífico da Universidade da Coruña, en uso das atribucións que lle confire o art. 36.1.f) dos Estatutos desta Universidade, aprobados por Decreto 101/2004, do 13 de maio, DOG do 26 de maio).

E doutra parte,.....<sup>2</sup>

### Manifestan

I

Que a UDC.....

II

Que.....<sup>3</sup>

III

Que tanto a UDC como.....<sup>4</sup> a través da sinatura do presente convenio, pretenden....

Tendo en conta o anteriormente exposto, ambas as dúas partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica suficiente para subscribir o presente Convenio de acordo coas seguintes

### Cláusulas

#### PRIMEIRA: obxecto do convenio

O obxecto do presente Convenio é establecer un marco de actuación para a colaboración entre a UDC e.....<sup>5</sup> co fin de establecer as condicións que deben cumprir os estudantes das respectivas institucións para obter os títulos académicos de.....<sup>6</sup> da UDC e de.....<sup>7</sup>

---

<sup>1</sup> Indique o nome da universidade ou da institución de ensino superior nacional ou estranxeira.

<sup>2</sup> Complete cos datos do representante legal da outra institución participante.

<sup>3</sup> Acreditación da universidade ou institución de ensino superior estranxeira participante.

<sup>4</sup> Indique o nome da universidade ou da institución de ensino superior estranxeira participante.

<sup>5</sup> Indique o nome da universidade ou da institución de ensino superior estranxeira.

<sup>6</sup> Indique a denominación da titulación da Universidade da Coruña con ligazón á súa información.

<sup>7</sup> Indique a denominación da titulación da outra institución con ligazón á súa información.



## SEGUNDA: condicións<sup>8</sup>

## TERCEIRA: entrada en vigor e duración

O presente acordo entrará en vigor no momento da súa sinatura por ambas as dúas institucións e a súa vixencia será de.....<sup>9</sup> con posibilidade de prórrogas.....<sup>10</sup>.

## CUARTA: modificación do convenio<sup>11</sup>

## QUINTA: resolución do convenio

O presente convenio poderá resolverse polas seguintes causas<sup>12</sup>:

-Cando non exista un equilibrio entre o número de alumnos recibidos e enviados por cada institución.

-

En calquera caso, as partes comprométense a finalizar o desenvolvemento das accións xa iniciadas no momento de notificación da denuncia.

## SEXTA: cuestións litixiosas<sup>13</sup>

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan por duplicado...<sup>14</sup> o presente documento, no lugar e data que se indican a seguir, dos que cada institución recibiu un.

En.....<sup>15</sup>

O REITOR DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA	POLA UNIVERSIDADE OU INSTITUCIÓN DE ENSINO SUPERIOR NACIONAL OU ESTRANXEIRA
D. Xosé Luís Armesto Barbeito	D./D. <sup>a</sup>

<sup>8</sup> Indique as condicións que se establecen para os alumnos das institucións participantes. Entre elas é necesario que se faga referencia á posibilidade de realizar o TFG ou TFM na institución de acollida e ao sistema de taxas que se aplicará.

<sup>9</sup> Sinala a vixencia do convenio. Pode fixarse en prazo, indicando un determinado número de anos de duración, ou a termo, establecendo unha data de finalización.

<sup>10</sup> Automáticas ou por pacto expreso.

<sup>11</sup> Complete, se procede: as partes poderán modificar o presente documento por escrito en calquera momento por mutuo acordo debendo ser asinado polos representantes legais de ambas as dúas institucións.

<sup>12</sup> Indique as causas que procedan. Por exemplo: por mutuo acordo entre as partes convenientes, por expiración do prazo de duración inicial ou das súas prórrogas, por incumprimento das obrigas pactadas, por decisión unilateral dunha das partes mediante comunicación expresa por escrito á outra parte cunha antelación determinada.

<sup>13</sup> Complete co que se considere oportuno, por exemplo: As partes acordan resolver de xeito amigable calquera controversia que puidese xurdir na interpretación do presente acordo. No caso de que o desacordo non poida ser resolto do modo anterior, nomearase un comité de arbitraje, composto por un membro designado por cada unha das partes e outro membro elixido por mutuo acordo.

<sup>14</sup> O que proceda: en cada unha das linguas en que se formalice ou en inglés.

<sup>15</sup> Complete co lugar e coa data de subscrición.



## **Anexos ao convenio**

ANEXO 1: Táboa de materias superadas na universidade de orixe como requisito previo para continuar estudos na universidade de acollida

ANEXO 2: Táboa de secuencia de semestres e de recoñecementos de materias en cada universidade a cambio das cursadas previamente na universidade de acollida

ANEXO 3: Sistema de cualificación que se aplica e a súa equivalencia co sistema español

ANEXO 4: Descrición de sistema de créditos e a súa equivalencia entre os sistemas de educación superior das institucións participantes

ANEXO 5: Comisión de seguimento de cumprimento dos termos do convenio de dobre titulación internacional

ANEXO 6: Informe da Comisión Académica do título correspondente. Informe da Comisión Académica do Programa de Doutoramento en caso de convenio para estudos de doutoramento

ANEXO 7: Resolución da Subcomisión de recoñecemento de créditos da UDC aceptando a proposta de recoñecemento de créditos dos estudos cursados na universidade de orixe

DILIXENCIA para facer constar que o presente documento composto de 11 páxinas numeradas e seladas, foi aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión de data 30 de xaneiro de 2014

O SECRETARIO XERAL

*Asdo. Carlos Amoedo Souto*